# ¿QUÉ YE PASA A GA



↓ Xosé Antón González Riaño

*Nos últimos tempos os medios de comunicación asturianos vein féndose eco de ben noticias que tein que ver cos intentos d'intervención na política llingüística del estremo occidental d'Asturias por parte d'institucióis ayías á zona y das protestas das autoridades municipales, partidos políticos y asociacióis culturales del occidente. Xosé Antón González Riaño, responsable da Secretaría Llingüística del Navia-Eo, del Academia de la Llingua Asturiana, reflesiona sobre estas cuestióis neste artículo d'opinión publicao nel diario xixonés d'*El Comercio *el 14 de setembre d'este ano.*

Convén empezar dicindo qu'as comunidades de Galicia y d'Asturias nun comparten namáis un mesmo ámbito físico, el noroeste da península Ibérica, senón que, pola mor da xeografía, da hestoria —y hasta da meteoroloxía— tein en común ben aspectos que configuran a identidá d'un poblo: paisaxes, costumes, tradicióis, arte, cosmovisión, etcétera.

Pódese dicir, d'este xeito, que se hai dalgún país nel mundo que s'asomeñe a Asturias ese é, xustamente, Galicia. Esta realidá é asina percibida polos naturales d'outras comunidades que descubren en asturianos y gallegos ese aire de *parentexo* que tamén nosoutros mesmos atopamos nos nosos vecíos. Einda máis, el emplazamento das dúas comunidades na mesma zona atlántica obriga ás dúas a compartir intereses y estratexas de futuro en ámbitos tan importantes como el económico (lleite, carne, pesca....) ou el das infraestructuras viarias (ferrocarril, autovías...).

Todo el anterior había llevar, en búa lóxica, a plantiar qu'as relacióis entre Asturias y Galicia —entre Galicia y Asturias— foran privilexadas de todo. Llamentablemente eso nun é asina porque nun se dan as condicióis de mutuo respeto y non intromisión que tían que rexir os términos de colaboración entre comunidades. En efecto, dende hai máis de dúas décadas Galicia —ou, pra ser máis xustos, dalgús sectores políticos gallegos— mantén un non disimulao afán por *enxertar* el occidente d'Asturias en Galicia. A cuestión plantíase, sin máis, en términos de reivindicar a *galleguidá* llingüística y cultural del Navia-Eo, peró tamén, anque con máis procuro estratéxico, como úa reivindicación del espansionismo político gallego que considera como *gallega* esa franxa territorial asturiana.

Despóis da transición democrática, como é sabido, as forzas políticas de carácter nacionalista alcanzan úa ben estimable importancia en Galicia y sitúanse —con muito bon criterio, por certo— en organismos y ámbitos estratéxicos del texido social gallego (educación, mundo cultural, instituciòis llingüísticas, etcétera). Esta presencia social del galleguismo ten, ademáis, úa proyección esterior a nivel español y europeo por medio da súa participación en entidades supranacionales. Pois ben, dende estas instancias el galleguismo sempre combatíu non solo a esistencia del asturiano como llingua, senón a súa presencia en foros estatales y internacionales. Nun fai falta recordar, por exemplo, el veto gallego á presencia da lliteratura asturiana en Galeusca ou mes-

# LICIA CON ASTURIAS?



mamente á presencia da llingua asturiana nel Buró Europeo das Llinguas Minoritarias.

Estos feitos, d'úa fonda insolidaridá y desprecio pra con Asturias, compleméntanse despóis cua reivindicación, por parte d'esos sectores políticos del país vecín, del gallego como idioma del Navia-Eo. Querse dicir, a *fala* sería, sin máis, gallego y, en consecuencia, chega a suxerirse que sían maestros gallegos os qu'impartan docencia de gallego nese territorio occidental asturiano.

El conflicto, llatente hasta hai ben pouco, coye máis brío nos tempos actuales con actuacióis d'úa gran agresividá política. Chaman el atención, neste sentido, os obxetivos del Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega que quer *normalizar* el gallego nel Navia-Eo, ou el plantiamento de qu'os estudiantes asturianos estudien en universidades de Galicia pra *galleguizarse*, ou, en fin, a pretensión, incalificable en términos políticos, de promover escursióis subvencionadas pra qu'os escolares asturianos conozan Galicia y se *reconozan* na súa llingua y cultura.

Neste contexto, a proposta que dende Galicia s'acaba de presentar ante a Unesco pra valorar el patrimonio inmaterial gallego-portugués é ben perversa y antidemocrática porque plantía, cua escusa de reconocer a innegable valía d'este patrimonio, meter el occidente d'Asturias nel ámbito gallego.

Lóxicamente, estos intentos del espansionismo gallego merecen úa resposta del llao asturiano. Esta, ta claro, é cada vez máis urxente y tense que fer dende distintos puntos de vista. Asina, primeiro de nada y dende a perspectiva llingüística, faise necesario aclariar qu'a *fala* ou gallego-asturiano é úa variedá llingüística que, anque comparte características col gallego, tamén comparte outras col asturiano, amáis das que ten como esclusivas, polo que se ten que considerar, a todos os efectos, como a *llingua propia* del Navia-Eo y con úa entidá específica. Dende outra prespectiva, máis etnográfica, hai qu'amecer qu'el Navia-Eo é úa zona culturalmente asturiana, al marxe dos puntos en contacto qu'esa cultura poda ter con outros xeitos culturales vecíos. Por outro llao, dende el punto de vista político, el asturianidá del Navia-Eo é úa constante hestórica qu'os ciudadanos del Navia-Eo —y todos os asturianos— consideramos hoi como innegociable y irrenunciable.

Sicasí, naide duda de qu'é necesario llograr calces de colaboración entre Asturias y Galicia, peró pra eso é necesario pensar en por qué xurde el conflicto. Ta claro que nun caben aquí esplicacióis inxenuas como, por exemplo, dicir que Galicia actúa como lo fai empuxada por un afán revanchista contra el pasao grandonismo dos asturianos. En realidá, a esplicación máis sinxella pódese atopar perfectamente tendo en conta aquella másima que diz que «todo nacionalismo é espansivo» y, lóxicamente, el nacionalismo gallego nun iba ser menos. Se nos precatamos de que, amáis, Asturias nun ten úa política cultural y llingüística definida, as tentacióis espansionistas vense, de seguro, muito máis afaladas.

Por eso, y como se vén dicindo, nestos momentos a necesidá del reconocemento oficial da llingua asturiana (y da *fala* ou gallego-asturiano nel territorio del Navia-Eo) nun é namáis úa cuestión de deretos democráticos senón úa verdadeira necesidá estratéxica pra manter a integridá y identidá asturianas. Esto tein que vello os dirixentes políticos asturianos pr'actuar en consecuencia y diseñar úa política cultural qu'amostre, de xeito integrador y non escluínte, a identidá asturiana, peró tamén ten que quedar claro pra esos sectores del galleguismo dos que falamos. A identidá asturiana, en todo caso, enxamáis se ten que plantiar en contra de naide. Galicia, polo tanto, ten que precatarse de qu'Asturias ten dereto al sou propio ser histórico y neste cabe, ta claro, a máis fonda colaboración entre dúas comunidades —y dous poblos irmaos— que, quírase ou non, tán condenaos a entenderse. Y úa cuestión máis, pr'acabar: con esta perspectiva os ciudadanos gallegos y asturianos iban ser, de seguro, os máis beneficiaos.